



**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**  
Fax: **981- 51 30 00**  
correo@boqueixon.dicoruna.es  
C.I.F.: **P-1501200-H**

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO**

**LUGAR: Casa do Concello**  
**DATA: 11 de xaneiro de 2012.**  
**HORA DE COMEZO: 20.30 horas**  
**HORA DE REMATE: 22.15 horas.**

### **ASISTENTES:**

**Don Adolfo Gacio Vázquez**  
**Don Jesús Sanjuás Mera .**  
**Don Manuel Mouriño Varela .**  
**Don Antonio González Barral .**  
**Dona María Dolores García Couto .**  
**Dona Sonia Rodríguez Midón .**  
**Don Jesús José Santasmarinas Devesa .**  
**Dona Raquel García Fraga .**  
**Dona Adela Redondo Rendo.**  
**Don Xabier Canabal Fernández .**  
**Don David Paulino Calvelo Otero**

### **AUSENTES:**

Ninguén.

No salón de sesións da casa do concello presidindo o Alcalde Don Adolfo Gacio Vázquez, reuníronse os Concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola Secretaria Dona Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión ordinaria do Pleno que foi convocado cos requisitos legais.

### **ORDE DO DÍA**

- 1. Aprobación das actas anteriores.**
- 2. Ratificación convenio do Concello de Boqueixón – FAEPAC.**
- 3. Moción para a eliminación da violencia de xénero.**
- 4. Información da alcaldía.**
- 5. Moción urxente**
- 6. Rogos e preguntas.**

## DELIBERACIÓNS

### 1. Aprobación das actas anteriores .

Por unanimidade apróbanse as actas das sesións que tiveron lugar o día 14 de decembro de 2011 e o 16 de decembro de 2011.

### 2. Ratificación convenio do Concello de Boqueixón – FAEPAC.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor do PP e do BNG e coa abstención do P.S. de G. , acórdase ratificar o seguinte convenio aprobado en Xunta de Goberno do día 21/12/2011:

A Coruña, a 20 de decembro de 2011

#### REUNIDOS

Dunha parte, Don **Adolfo Gacio Vázquez** , en calidade de Alcalde - Presidente do Concello de Boqueixón , actuando en representación do mesmo, en virtude do establecido no artigo 21.1 b) da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e na lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

De outra parte, D. **Diego Calvo Pouso**, actuando en calidade de Presidente da Fundación Axencia Enerxética Provincial de A Coruña (FAEPAC), no uso das facultades do seu cargo recollidas no artigo 17 dos Estatutos da Fundación, e do acordo expreso na escritura de constitución da Fundación.

Ámbalas dúas partes recoñécense a súa competencia e capacidade para formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN.

#### EXPOÑEN

**Primeiro.** Que o Concello de Boqueixón e FAEPAC, asinan o presente convenio de colaboración para promover o uso racional da enerxía e o aproveitamento das enerxías renovables e en consecuencia a mellora ambiental, no municipio de Boqueixón .

**Segundo.** Que FAEPAC é unha entidade sen ánimo de lucro, fundada en Maio de 2006, por iniciativa da Deputación da Coruña, a través do programa Intelligent Energy-Europe (EIE), co fin de alentar accións a nivel provincial para a utilización eficiente da enerxía e o uso dos recursos enerxéticos provinciais.

FAEPAC foi clasificada de interese industrial pola orde do 28 de xuño de 2006 da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (D.O.G. Do 19 de xullo de 2006) e declarada de interese Galego por Orde da Consellería de Innovación e Industria, do 15 de setembro de 2006 ( D.O.G. Do 11 de outubro de 2006).

**Terceiro.** Que FAEPAC, segundo seus estatutos (artigos 6º: Fins, 7º Actividades fundacionais e 9º: Determinación dos beneficiarios) ten encomendadas, entre outras, as funcións de:

- Realizar estudos de planificación e programación para establecer un programa de actuación enerxética.
- Incentivar a difusión do uso racional da enerxía, dos recursos enerxéticos locais e das fontes renovables nos sectores da administración pública, producións de bens e servizos (Pemes e industria) e sector doméstico.
- Favorecer a diversificación, información e utilización óptimas das enerxías renovables.
- Mellorar a seguridade enerxética.
- Promover e manter o aforro enerxético.
- Favorecer a diversificación, información e utilización óptimos das Enerxías Renovables

**Cuarto.** Que FAEPAC en liña coa política enerxética marcada pola Unión Europea e dos compromisos internacionais adquiridos por España a través da sinatura do protocolo de Kioto, pretende contribuír a reducir as emisións de CO<sub>2</sub> doutros gases contaminantes, de maneira que se consiga ralentizar o quecemento global do planeta. Para a súa consecución faise imprescindible fomentar as políticas de aforro e eficiencia enerxética e de promoción das enerxías renovables a nivel local.

**Quinto.** Que as diversas administracións e entre elas as locais, como consumidores relevantes de enerxía, deben contribuír cun carácter exemplificante, ao control do consumo enerxético e á redución de impacto ambiental derivado da transformación, transporte e utilización da enerxía.

Ámbalas dúas partes, conscientes da necesidade de que se promovan actuacións relacionadas coa mellora da eficiencia enerxética e a utilización das enerxías renovables no municipio de Boqueixón acordan a firma do presente CONVENIO DE COLABORACIÓN.

## CLÁUSULAS

### **Primeira. Obxecto**

O presente convenio ten por obxecto definir o marco de colaboración entre o Concello de Boqueixón e FAEPAC en materia de eficiencia enerxética e enerxías renovables.

### **Segunda. Sistema de Colaboración**

O sistema de colaboración está fundamentado nas seguintes premisas:

- Facilitar e intercambiar mutuamente tanta información técnica, económica e social sexa considerada útil aos fins propostos.
- Promover conxuntamente tantas accións sexan necesarias para favorecer os intereses do municipio, en coherencia cos principios inspiradores da política enerxética.
- Dado que este convenio xurde coa vocación de continuidade no tempo, plantéxase coa máxima flexibilidade e dinamismo, dunha maneira que en cada momento recolla as medidas que se entendan como mellores aos efectos perseguidos.

### **Terceira. Compromisos de Faepac**

A fundación comprométese a:

1. Realizar unha análise enerxética preliminar das instalacións e dependencias municipais. O obxectivo desta análise é establecer o escenario de partida para a definición dos campos de actuación prioritarios de acordo ao seu nivel de consumo, replicabilidade e transferencia de resultados, antigüidade do equipamento, posibilidade de diversificación enerxética, etcétera . As fases básicas nas que se desenvolverá a análise, son as que se expoñen a continuación:
  - Recompilación de información xeral.
  - Verificación da información recompilada.
  - Clasificación de instalacións
  - Definición de campos de actuacións prioritarias.
  
2. Prestar asesoramento técnico nas actuacións a desenvolver polo Concello de Boqueixón en materia enerxética. Saliéntanse os seguintes campos específicos, non sendo estes limitativos das actividades a desenvolver:
  - Seguimento e control dos consumos enerxéticos das instalacións en servizos públicos municipais, tanto de electricidade como de auga quente e calefacción.
  - Elaborar informes específicos sobre proxectos promovidos polo Concello, ou que vaian a ser recibidos por este para a súa explotación, en relación coas instalacións enerxéticas e as posibilidades que, a nivel de proxecto sexan susceptibles de mellorar a eficiencia.
  - Informar sobre as modificacións lexislativas e tarifarias que afecten aos subministros enerxéticos, do seu impacto, e no seu caso, das medidas máis axeitadas para reducir a súa incidencia.
  - Informar sobre os novos materiais, produtos, sistemas e servizos susceptibles de ser implantados nas instalacións municipais que permitan acadar reducións das emisións asociadas ao consumo de enerxía.
  - Informar sobre as convocatorias de axudas públicas en materia de aforro e eficiencia enerxética e enerxías renovables sexan convocadas polas administracións públicas, así como da súa aplicabilidade; no seu caso, tamén a elaboración das correspondentes memorias técnicas para a súa solicitude.
  - Participar na formación dos técnicos e, en xeral, do persoal do Concello que lles permita desempeñar unha posición activa na loita contra o impacto ambiental do uso da enerxía.
  - Colaborar na redacción e implantación de ordenanzas municipais que fomenten o uso racional da enerxía ou da implantación de fontes de orixe renovable.
  - En xeral, calquera outra que acorde a Comisión de Seguimento.
  
- Non forman parte do alcance do convenio:
  - A redacción de proxectos, informes ou pregos técnicos de obras ou reformas de instalacións.
  - O levantamento de planos e esquemas de instalacións.
  - A realización de estudos ou cálculos xustificativos do cumprimento de prescricións regulamentarias das edificacións ou das instalacións.

#### **Cuarta. Compromisos do Concello de Boqueixón**

O Concello de Boqueixón comprométese:

- A colaborar economicamente nos custes derivados do desenvolvemento do convenio mediante a achega de dous mil oitocentos trinta e nove euros, con corenta e sete céntimos, (2.839,47 €), incluído o IVE, para o período dous anos. No caso de prórroga, o importe actualizarase segundo o IPC. O pagamento realizarase nos 30 días seguintes á sinatura ou prórroga do convenio.  
Este importe, de cumprirse o estipulado na cláusula 4.6, non se aplicará. Quedando este financiado pola montante do importe das auditorías en alumado público (AEP), subvencionado polo Instituto Enerxético de Galicia (Inega).
- A habilitar un espazo nas dependencias municipais onde o persoal de FAEPAC poda atender e informar o público en materia de aforro, eficiencia enerxética e fontes de enerxía renovables, a lo menos unha vez o mes, e informar a cidadanía da existencia de tal servizo de información o público.
- A aportar a información de que dispoña para o mellor desenvolvemento das tarefas precisas para o bo fin do obxecto de este convenio.
- A facilitar o acceso e, de ser preciso, acompañar o persoal técnico da Axencia nas visitas as instalacións enerxéticas.
- A implementar as propostas de actuación resultantes dos estudos, en caso de ser técnica e economicamente viables.

#### **Quinta. Duración**

A duración do convenio establécese inicialmente dende o 1 de xaneiro de 2011 ate o 31 de decembro de 2012.

O convenio poderá renovarse, por períodos anuais completos, por acordo expreso de ambas as dúas partes.

#### **Sexta. Procedemento**

O traballo será realizado por FAEPAC, quen, o seu criterio e necesidade, poderá recadar a colaboración de expertos e/ou empresas do sector para a súa participación na execución dos traballos

A contratación e pagamento dos servizos externos será responsabilidade de FAEPAC.

#### **Sétima. Confidencialidade da Información**

Os informes específicos emitidos terán carácter confidencial, polo que só poderán ser coñecidos por terceiros mediante autorización expresa do Concello de Boqueixón

Os datos globais e os indicadores enerxéticos poderán ser utilizados por FAEPAC nas súas actividades de difusión e estudos non específicos.

#### **Oitava. Seguimento do Convenio**

Ao obxecto de verificar o correcto desenvolvemento do convenio, désígnase, de común acordo entre as partes, unha Comisión de Seguimento formada por un representante do Concello de Boqueixón e outro de FAEPAC, que terá como misións:

- Velar pola correcta aplicación e desenvolvemento do Convenio.
- Informar e presentar propostas sobre a marcha e necesidades do proxecto.
- 

#### **Novena. Resolución**

Será causa de resolución do presente convenio:

- O mutuo acordo entre as partes.
- A denuncia dunha das partes.

- A imposibilidade de acometer as actuacións. Neste caso a Comisión de Seguimento decidirá a forma de rematar os traballos en curso.

#### **Décima. Discrepancias**

O presente convenio ten carácter administrativo e, en consecuencia, todas as cuestións ou diferenzas que poidan xurdir entre o Concello de Boqueixón e FAEPAC en relación coa interpretación, execución, cumprimento e extinción do mesmo someterase, no seu caso, á xurisdición contencioso - administrativa, unha vez esgotada a vía administrativa. En proba de conformidade asíñase o presente convenio por duplicado exemplar e a un só efecto en data e lugar indicados no encabezamento.

Polo Concello de Boqueixón

Por FAEPAC

Asdo: Adolfo Gacio Vázquez

Asdo: Diego Calvo Pouso

### **3. Moción para a eliminación da violencia de xénero.**

O grupo municipal popular presenta á aprobación do Pleno a seguinte moción do día internacional para a eliminación da violencia de xénero

O 25 de novembro conmemoramos o Día Internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres.

A violencia de xénero constitúe un dos ataques máis flagrantes aos dereitos fundamentais das persoas, como son a liberdade, a igualdade, a vida, a seguridade e a non discriminación, tal como xa proclama a Constitución.

Todos os poderes públicos teñen a obriga de adoptar as medidas necesarias para facer reais e efectivos estes dereitos.

A erradicación da violencia de xénero pasa por un proceso de socialización e de educación.

A conquista plena da igualdade, do respecto á dignidade humana e da liberdade das persoas ten que ser un obxectivo prioritario, polo que é fundamental levar a cabo, dende as Administracións Públicas unha política transversal a todos os niveis.

Mentres siga existindo un só caso de violencia de xénero non viviremos nin gozaremos dunha sociedade que poida vivir libre e en igualdade.

Por todo o anterior, o grupo municipal do Partido Popular no concello de Boqueixón eleva ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1. Instar ó Goberno do Estado a desenvolver os dereitos previstos na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
2. Instar ó Goberno da Xunta de Galicia a desenvolver os dereitos previstos na Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
3. Instar ó Goberno do Estado que estenda a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, ós e ás menores.
4. Instar tanto ó Goberno do Estado como ó Goberno da Xunta de Galicia a impulsar e dar prioridade a todas aquelas medidas establecidas por lei no ámbito educativo para a concienciación e erradicación da violencia de xénero.

Sen máis por unanimidade apróbase esta moción.

#### **4. Información da alcaldía.**

Primeiro : dáse conta dos decretos habidos desde o 11/11/2011 ata o 04/01/2012.

Segundo- : dáse conta do parte de incidencias producidas no departamento de deportes, presentado pola Concelleira de Deportes do Concello de Boqueixón, o cal se transcribe literalmente :

*“O 14 de novembro , o traballador e monitor deportivo, Ricardo Romero Pérez, tras incorporarse de baixa médica, nun clima de cordialidade, a concelleira de deportes, Dona Raquel García Fraga, coméntalle que están sen pasar as domiciliacións das cotas do ximnasio dende o mes de xullo, así como as cotas das actividades de deportes. Dado que no mes de agosto, tras una reunión informal, entre a concelleira e D. Ricardo Romero, na que dito traballador pide separar o ámbito cultural e deportivo no concello de Boqueixón, para facerse cargo el mesmo da xestión das actividades, a concelleira accede a dita petición e pregúntalle se pasaría el as domiciliacións das actividades ao responsable do concello que leva este tema, así como a creación dunha axenda deportiva, que ata o momento saía conxuntamente con cultura dende este último departamento, sendo a resposta de D. Ricardo afirmativa.*

*Por iso, o 14 de novembro, a concelleira, encárgalle, que polo falado no mes de agosto, pase canto antes as domiciliacións das cotas do ximnasio, dende o mes de xullo sen pasar, así como as das actividades de deportes.*

*O 28 de novembro, vólveselle a recordar dito tema xa que aínda non pasou ningunha das cousas que se lle encomendou e que el mesmo propuxo facer.*

*A día 1 de decembro, estando a secretaria- interventora do concello, Dona Elena Suárez Rodríguez, coa concelleira Dona Raquel García Fraga e Don Ricardo Romero Pérez, nunha reunión no concello, para chegar a un acordo sobre o horario do traballador e para que se fixera cargo, por necesidades do servizo, dunhas actividades mentres o compañeiro non se incorpora dunha baixa por accidente (arredor de 2 ou 3 semanas ). Rexeita as dúas proposicións (horario e actividades). Tamén se lle lembra que tal como quedamos en agosto, deberá saír a axenda deportiva de inverno, para poder volver a ofertar as actividades levadas a cabo dende o departamento de deportes e que xa no mes de setembro, por mor da súa baixa, fixérase cargo da mesma a propia concelleira de deportes. Recordemos que neste momento, e a petición do traballador, cultura e deportes están desvinculados. Así mesmo, tamén se trata a petición de redución de xornada por conciliación de vida familiar e laboral de Don Ricardo, en ningún momento se lle nega e que se lle contestará no menor tempo posible.*

*O 12 decembro, faise outra reunión para poder chegar a un acordo sobre a situación laboral e a actitude deste traballador, e pídeselle que empece a traballar xa que non realizou ningún traballo do que se lle pediu o día que se incorporou da baixa. Presente en dita reunión, Don Anselmo Caeiro Vilar, este último traballador, manifesta que Don Ricardo xa lle pasou as domiciliacións pero que se esqueceu de dicilo. A concelleira de*

*deportes, pregunta si lle pasou todos e asinte e Don Ricardo, manifesta na súa cara confusión xa que el era consciente de que pasara as domiciliacións requiridas.*

*O 27 de decembro, pregúntaselle a Don Anselmo si tramitou o cobro das actividades de deportes deste último trimestre do ano e afirma que pasou todo por un valor de pouco máis de 200 euros. A concelleira di que é imposible e Don Anselmo lembra que hai poucos socios no ximnasio. Dona Raquel García Fraga, pide as domiciliacións das actividades de deportes e Don Anselmo di que Don Ricardo non as entregou. Preguntádoselle pola reunión do pasado 12 de decembro , onde afirmou que llas entregara, Don Anselmo recoñece un erro, xa que nese momento se refería as domiciliacións das coutas do ximnasio e das actividades de deportes non sabe nada.*

*Esa mesma mañá, Don Ricardo Romero Pérez, pide como días de asuntos propios, o 31 de decembro e o 5 de xaneiro. Fáiselle saber, que si o día 30, a primeira hora da mañá si non están pasadas as domiciliacións das actividades non poderá disfrutar do día 31 xa que, por necesidades do servizo, terá que realizar o traballo requirido dende fai mes e medio.*

*O 29 de decembro, ás 20h. Don Ricardo Romero, faille entrega nas instalación do ximnasio á concelleira de deportes, duns folios onde manifesta que están as domiciliacións das actividades. O día 30 a primeira hora da mañá, Don Anselmo Caeiro, comeza a pasar ditas domiciliacións. No transcurso da mañá, tras un longo traballo por parte deste traballador e comprobando que a contía a pasar é moito menos da que corresponde dáse conta que Don Ricardo unicamente pasou as domiciliacións do mes de decembro, sendo en baleiro o traballo da mañá, xa que non se van a pasar as cotas de decembro sen outubro e novembro, non correspondendo os mesmos usuarios, xa que hai quen comezou máis tarde e non ven diferenciado. A pesar de que, a excepción dos usuarios que comezaron máis tarde, as fichas cos datos e números de contas levan no ximnasio dende comezos do mes de novembro.*

*Dado que finalmente se lle concederá o día 31 de asuntos propios a Don Ricardo Romero, non se puideron pasar as cotas de ningunha actividade da área de deportes en todo o 3º trimestre do 2011. Así mesmo, Don Ricardo, non fixo entrega da axenda deportiva requirida para este inverno.*

## **5. Moción urxente.**

O señor Canabal atendendo o artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, de regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, someto ao pleno unha moción por trámite de urxencia en contra da suba do imposto de bens e inmóbeis (IBI) decidida polo Goberno do Estado no Real Decreto- Lei 20/2011, de medidas urxentes en materia orzamentaria.

### Xustificación da urxencia.

Someto pois ao pleno a consideración da seguinte moción contra a suba do imposto de bens inmóbeis (IBI) decidida polo Goberno do Estado no Real Decreto -Lei 20/2011, de medidas urxentes en materia orzamentaria, que inclúe o incremento do imposto de bens



inmóbeis de natureza urbana (IBI), e que foi ratificado hoxe mesmo no Congreso dos Deputados.

Tendo en conta que o Pleno xa estaba convocado, e recibindo a información sobre este Real Decreto hoxe pola mañá, e tendo en conta que foi ratificado hoxe mesmo polo Congreso dos Deputados, someto ao pleno a cuestión da urxencia e o seu posterior debate.

Por unanimidade apróbase a urxencia .

O Goberno Central vén de aprobar o Real Decreto -Lei 20/2011, de medidas urxentes en materia orzamentaria, que inclúe o incremento do Imposto de Bens Inmóbeis de Natureza Urbana (IBI).

Neste RDL, o Goberno Central do PP impón unha suba dos tipos de gravame do IBI, que non poderá ser inferior a 0,50 no 2012 e a 0,60 no 2013. E varía entre o 10%, 6% e 4%, en función da antigüidade da revisión catastral -antes de 2002 (10%), entre 2002 e 2004 (6%), e entre 2008 e 2011 (4%). Este incremento vai afectar gravemente aos concellos galegos, xa que son máis do 70% os concellos de Galiza que fixeron a súa última valoración catastral antes de 2002. En todos estes concellos, o incremento será do 10% do imposto e afectará á totalidade dos inmóbeis de uso residencial. Ademais haberá máis de 100 concellos nos que a suba suporá nos recibos do IBI un incremento do 50% en dous anos, xa que están aplicando o tipo mínimo fixado pola lei, e agora obrígaselles desde o Goberno Central a que o tipo non sexa inferior a 0,50 en 2012 e 0,60 en 2013.

A medida do goberno do PP no Estado vén botar por terra as previsións que adoptaron os concellos antes do 1 de xaneiro, en canto á actualización de taxas e impostos, que se fixeron tendo en conta a situación económica municipal e dos seus habitantes, que agora veñen a sufrir este ano e o próximo unha nova e forte suba de impostos, acumulándose o incremento aprobado polo Goberno Central aos incrementos aprobados por moitos concellos para 2012.

Isto supón indubidabelmente un ataque frontal á autonomía local, por ser os concellos os que teñen a posibilidade de fixar os tipos impositivos do IBI, véndose abocados a un incremento que vai repercutir gravemente na economía das familias e constituíndo unha medida do PP desde o goberno do Estado que despreza a competencia municipal de poder utilizar os seus mecanismos tributarios para xerar os ingresos necesarios para o correcto equilibrio das súas finanzas.

A medida adoptada polo goberno do Estado resulta, ademais de invasora das competencias locais, inoportuna e escapista das súas responsabilidades, porque escapa á necesidade dunha reforma urxente do financiamento local para incrementar a contía de participación nos ingresos do Estado (PIE) por parte dos concellos galegos, integrándoa plenamente nos orzamentos da Xunta de Galiza e aplicando criterios de reparto que teña en conta o maior custe dos servizos en Galiza, derivado da dispersión poboacional e do envellecemento dos habitantes do noso país.

Pero, tamén, fronte a esta medida tan inxusta do Goberno Central, xunto co incremento da PIE e o recoñecemento de criterios específicos para Galiza, existe a alternativa de aumentar a capacidade financeira dos concellos coa cesión de novos tributos, dotar de maior eficacia á loita contra a fraude fiscal e por preservar que os concellos poidan decidir sobre os seus propios instrumentos tributarios para equilibrar os seus orzamentos, coa debida corresponsabilidade fiscal.

Diante desta grave medida que obriga a un incremento impositivo que prexudicará á cidadanía, cun grave impacto nas economías domésticas e que invade as competencias municipais, correspóndelle ao Goberno galego actuar para preservar a autonomía dos concellos galegos, e non optar polo silencio cómplice diante da inxusta imposición do Goberno Central.

Por todo o exposto é polo que solicito do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes acordos :

1. Manifestar o rexeitamento ao incremento do tipo de gravame do IBI que figura no RDL 20/2011 por se tratar dunha medida absolutamente inxusta que invade as competencias dos concellos e obriga a unha política impositiva onerosa para as economías da cidadanía.
2. Instar ao Goberno Central á retirada do incremento do IBI fixado polo RDL 20/2011.
3. Solicitar do Presidente da Xunta de Galiza a:

- Instar do Goberno do Estado á retirada do incremento do IBI fixado no RDL 20/2011.
- Instar do Goberno do Estado a proceder a unha reforma urxente do financiamento local, de tal xeito que se incremente a contía de participación nos ingresos do Estado por parte dos concellos e dita participación se integre plenamente nos orzamentos da Xunta de Galiza. Tendo en conta nos criterios de reparto o maior custe dos servizos no noso país, derivado da dispersión poboacional e do envellecemento da mesma.
- Impulsar un Plan de Financiamento Local coa cesión de novos tributos e capacidade normativa sobre os mesmos, así como medidas para a mellora efectiva da loita contra a fraude fiscal.

4. Dar traslado deste acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e portavocías dos grupos parlamentarios do Parlamento galego.

Sen máis, procédese coa votación, e coa abstención dos representantes do PP e os votos a favor dos do P.S.de G. e do BNG, apróbase esta moción.

## **6. Rogos e preguntas.**

O señor Calvelo , dado que o goberno municipal decidiu aforrar non colocando o alumeado de Nadal , o cal considera acertado, fai as seguintes preguntas :

1. ¿ Por qué non o comunicaron aos veciños con antelación como fixeron outros alcaldes (por exemplo Vedra) ?

2. ¿ Fixo “ Electricidade Fernández “ un desconto no pago mensual ? Tendo en conta que no contrato de mantemento esa instalación está incluída ou ¿ pediráselle algunha compensación ?

Responde o señor alcalde, que si se lle terá en conta a non prestación do servizo da colocación do alumeado de nadal.

4. Segundo as noticias que saen na prensa, ¿ ten Boqueixón garantida a continuidade nas subvencións das distintas administracións para o funcionamento do GRUMIR?

Responde o señor alcalde que si, tanto da Xunta como da Deputación.

5. ¿ Canto é a subvención ?

Responde o señor alcalde que aproximadamente 240.000 euros .

Segue dicindo o señor alcalde : “ neste ano co fin de manter os servizos básicos sociais que son prioritarios, suprimiranse outros como son : a festa da terceira idade, o certame de bandas, os gastos da festa de San Vivente e outras festas, gastos de representación, publicidade, etcétera. Unicamente se manterá unha partida mínima aberta para calquera urxencia puntual e imprevisible que poida xurdir.

O señor Calvelo di que lle parece correcto e acertado. Pregunta tamén se a gardería está subvencionada.

Responde o señor alcalde que si, pero que de todas formas resulta deficitaria e o concello debe aportar bastante. Por isto, débese facer un estudo das exencións e bonificacións que se están aplicando porque poden non ser correctas.

O señor Canabal, en relación coas relacións laborais de Ricardo Romero co concello e tendo en conta que nos últimos meses teñen aparecido diversos documentos cruzados entre o traballador Ricardo Romero, o Alcalde e a Concelleira delegada de Cultura e Deportes. Mesmamente, téñense formulado demandas laborais por este traballador contra o concello, fai os seguintes **preguntas**:

**1.¿** Cales son os problemas que existen entre o Concello e este traballador?

**2.¿** Por qué se formula unha demanda contra o concello con posterioridade dos acordos adoitados o 14 de decembro de 2011.

**3.¿** Cales eran os problemas existentes antes dos acordos adoitados no pleno do 14 de decembro de 2011?

Responde o señor alcalde que o concello non ten problemas co traballador.

Que o traballador solicitou unha redución de xornada do 12,5%, establecendo o horario de 28 horas semanais de mañá e tarde. O concello , aceptoulle a redución que pedía do 12,5% pero de 30 h/semanais de tarde.

Pregunta o señor Canabal se non lle corresponden as 28 horas.

Responde o señor alcalde que non, porque se fai a redución das 37,5 horas. Ademais, non pode aceptarse que as faga cando el desexa, senón cando o servizo máis se necesita, cando máis afluencia de usuarios hai.

O señor Calvelo pregunta, ¿ qué alega para pedir redución de xornada ?.

Responde o señor alcalde que ten unha filla menor de 8 anos.

A Concelleira Raquel García di que mesmo se lle ofreceu levar a filla á ocioteca.

4. En relación co servizo de axuda no fogar o señor Canabal expón que na sesión da xunta de Goberno Local do 4 de xaneiro deste ano, os concelleiros que a constitúen decidiron Iniciar e aprobar o expediente de contratación, así como o gasto, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios, do servizo de Axuda no Fogar.

No mesmo punto da orde do día xustifícase que con data 2 de setembro de 2011, rexistro de entrada 11/2122 , recíbese no concello un escrito da empresa adxudicataria do servizo de axuda no fogar, SERMASA, no cal indica que desexa non prorrogar o contrato que lle fora adxudicado mediante Resolución da alcaldía de data 14 de novembro de 2008, por prazo de 12 meses prorrogables ata un máximo de 48 meses.

Dende o BNG sempre consideramos de especial relevancia a boa marcha dos servizos sociais do Concello, e a especial sensibilidade e coidado que é preciso poñer neles. Tamén nos últimos días temos diversas informacións (aínda que de momento non moi precisas), de que existen diversos problemas que ten a actual empresa co cadro de persoal de axuda no fogar, cousa que non demos precisado de momento.

Tendo en conta a especial relevancia deste servizo, o BNG formula a necesidade de asumir directamente este servizo, reforzar os servizos de asistencia social do concello, coordinalo directamente atendendo ás verdadeiras necesidades do Concello, e tentar que o beneficio empresarial que se supón nunha concesión do servizo a unha empresa privada redundara no incremento das prestacións do servizo de axuda no fogar así como (se é o caso) na mellora das condicións laborais do persoal afecto ao servizo.

É por iso polo que presento as seguintes preguntas ao Pleno desta Corporación:

1. ¿ Cales son os motivos da renuncia de SERMASA á prorroga do contrato?
2. ¿ Tomou en consideración o concello asumir directamente o servizo de axuda no fogar? Se é así, ¿ por qué non se decide asumir o servizo directamente? ¿ Cales son os argumentos de asumir este servizo mediante unha concesión no canto de asumilo directamente ?
3. ¿ Existe algún problema laboral entre a empresa adxudicataria e as traballadoras dos servizo de axuda no fogar? Se é así, ¿ tomou o concello algún tipo de iniciativa?

En canto aos motivos da renuncia de SERMASA, o señor alcalde responde que son motivos económicos, posto que as tarifas non lles cubrían gastos.

O señor Canabal di que coas novas tarifas é posible que volvan a presentar oferta.

En canto a asumilo directamente polo concello, di o señor alcalde que xa se fixo e que sempre había problemas para facer as quendas de sábados, domingos e festivos , que precisamente é cando máis se solicita.

Coa empresa logrouse levar a diante a pesares de haber algún conflito dalgunha traballadora coa empresa.

O señor Canabal di que hai 71 persoas traballando no concello e sen embargo a maior parte dos servizos están externalizados. Si o concello (segue dicindo Canabal) é eficiente hai que rescatar o servizo, porque sae máis barato.

O señor Calvelo di que se hai quendas , cada cal debe facer o que lle toque.

O señor Canabal di que no servizo de axuda a domicilio, non hai queixas entre os veciños , e sería fundamental asumilo dende o concello.

O señor alcalde respóndelle que pregunte á traballadora social e así saberá os conflitos que hai.

Neste momento cando son as 22.00 h, abandona o salón de plenos o señor Sanjuás Mera.

Segue dicindo o señor alcalde que efectivamente todo traballador debe cumprir no seu traballo, pero tamén é certo que non todos o fan.

**5.** En primeiro lugar o señor Canabal felicita aos servizos administrativos deste concello pola fluída documentación que temos os concelleiros e polo ben que está a funcionar o tráfico dos expedientes plenarios a través do correo electrónico, co aforro de papel consecuente.

Mais tendo en conta os numerosos decretos e resolucións da alcaldía do ano pasado, quixera preguntar se poderían facilitarnos a copia de todos os decretos e resolucións escaneados conxuntamente coa documentación facilitada nos plenos.

Responde o señor alcalde que si pero sempre tendo en conta que deberá gardarse especial reserva en relación á intimidade das persoas que figuren na documentación facilitada. Os membros da corporación teñen o deber de gardar reserva en relación coa información que se lles facilite para facer posible o desenvolvemento da súa función, singularmente da que han de servir de antecedente para decisións que aínda se encontran pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que lles poida ser facilitada para o seu estudo (artigo 16.4 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais).

Co cal remitiranse , vía correo electrónico , todos os decretos da alcaldía, aos concelleiros Don Xabier Canabal Fernández e a Don David Paulino Calvelo Casal.

Sen máis asuntos que tratar , o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

Vº e prace

A secretaria

O presidente